

RESUMO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

CURSO 2017/2018

C.P.I. Plurilingüe Cabo da Area (Laxe, A Coruña)

Membros do Departamento: M^a Isabel Cornes Ríos e
Noelia Iglesias Iglesias (Xefa do Departamento)



3º ESO

I. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (3 sesións semanais)

1º trimestre: Clases de textos. Unidades lingüísticas e funcións sintácticas. A literatura medieval. Propiedades dos textos. Tipoloxías de sintagmas. A descrición e o diálogo. Literatura renacentista.

2º trimestre: A exposición, a argumentación, os medios de comunicación e o texto xornalístico. A oración: os complementos do predicado. A prosa renacentista. A lírica barroca.

3º trimestre: A comunicación en internet. A publicidade e a arte. Clases de oracións simples. Variedades sociais e de rexistro. As linguas de España. Introducción á oración composta. A prosa e o teatro barrocos.

II. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

<i>FORMATO</i>	<i>VALOR</i>
Exames e proba de lectura obrigatoria	Máx. 7 puntos
<ul style="list-style-type: none">• Libreta do alumno ou algunha actividade específica esixida pola profesora (1)• Traballos escritos (1)• Rexistro de aula (0,5) (actividades orais e escritas)• Rexistro da súa actitude (0,5)	Máx. 3 puntos
Lectura voluntaria trimestral Poderá escollerse entre: <ul style="list-style-type: none">• Presentación oral da lectura• Traballo sobre algún aspecto	+ Máx. 1 punto

EXAMES DE XUÑO (información aplicable ós catro niveis académicos da E.S.O):

O alumnado terá dereito a recuperar os contidos trimestrais suspensos mediante unha proba obxectiva celebrada trala avaliación correspondente. Se os contidos trimestrais suspensos non se recuperan por esta vía, o estudante poderá facer a final de curso (en xuño) unha proba obxectiva escrita de recuperación de contidos mínimos conforme á programación de curso.

O alumno poderá recuperar determinados bloques de contidos a través de dúas vías simultáneas: a proba específica de recuperación correspondente e a propia avaliación continua de contidos progresivos. A nota final de curso é fixada a partir da media das tres avaliacións (ou das recuperacións). Non obstante, a docente pode manter a calificación máis alta cando esta reflicte unha avaliación continua dos contidos progresivos.